



## **MATRÍCULA CURSO 2016-2017**

En **Infantil e Primaria** só ten que realizar a matrícula o alumnado de nova incorporación ao centro para o vindeiro curso.

En **Secundaria** ten que matricularse todo o alumnado que aprobe todo en xuño; se suspende algunha materia matricularase en setembro.

En ambos casos farase mediante o correspondente sobre de matrícula.

### **SOBRE DE MATRICULA DE 4º DE INFANTIL (3 anos):**

- ◆ Impreso de formalización de matrícula en infantil.
- ◆ **Impreso de recollida de datos persoais.**
- ◆ Impreso de autorización do dereito á imaxe.
- ◆ Impreso de autorización de saídas na localidade.
- ◆ Impreso de enquisa sobre a lingua materna.
- ◆ Información de libros de texto (para os pais/nais).
- ◆ Información da ANPA.

### **SOBRE DE MATRICULA DE 5º/6º DE INFANTIL (4 e 5 anos):**

- ◆ Igual co anterior, menos o da enquisa sobre a lingua materna.

### **SOBRE DE MATRICULA DE PRIMARIA:**

- ◆ Impreso de formalización de matrícula en primaria.
- ◆ **Impreso de recollida de datos persoais.**
- ◆ Impreso de autorización do dereito á imaxe.
- ◆ Impreso de autorización de saídas na localidade.
- ◆ Impreso de opción para a Sección Bilingüe (só en 5º e 6º).
- ◆ Información de libros de texto (para os pais/nais).
- ◆ Información da ANPA.

**Todas as persoas que variaran os datos persoais ou que queiran mudar as autorizacións farano no impreso correspondente.**

1.- Para cambiar datos persoais: ***Impreso de recollida de datos persoais.***

2.- Para cambiar autorizacións anteriores: ***Impreso de autorizacións do dereito á imaxe e/ou de saídas á localidade.***

### **SOBRES DE MATRICULA DE 1º de E.S.O.:**

- ◆ Impreso de formalización de matrícula en E.S.O.
- ◆ **Impreso de recollida de datos persoais.**
- ◆ Impreso de autorización do dereito á imaxe.
- ◆ Impreso de autorización de saídas na localidade.
- ◆ Impreso de opcións para a Sección Bilingüe.
- ◆ Información de libros de texto.
- ◆ Información da ANPA.

### **SOBRES DE MATRICULA DE 2º, 3º e 4º de E.S.O.:**

- ◆ Igual que en 1º, salvo o impreso de datos persoais.

Todo o alumnado de ESO ten que traer ademais unha fotografía e a fotocopia do DNI.

Ademais o de 3º e 4º traerá xustificante do pagamento do Seguro Escolar.

**Se queren elixir novas opcións (relixión/valores/atención educativa), farano no impreso correspondente.**

*Impreso de opción de relixión 1 ou 2, impreso de Seccións Bilingües, impreso exención de Francés...*  
(segundo corresponda).

### **NOTAS:**

1.- Se o alumno/a é de nova incorporación ao centro, ten que traer sempre o **impreso de recollida de datos persoais e o impreso de autorizacións do dereito á imaxe e saídas á localidade**, ademais dos que lle toquen.

2.- Hai que presentar sempre orixinal e copia da documentación correspondente e comprobar se se corresponde.

3.- Hai que comprobar que os impresos veñan totalmente cubertos e asinados polas persoas que corresponda.

### **TRANSPORTE E COMEDOR:**

Todo o alumnado que solicite o uso dos **servizos complementarios** (comedor e/ou transporte) ten que traer o impreso e máis a documentación que corresponda en cada caso, entre o 20 de xuño e o 11 de xullo.

### **LIBROS DE TEXTO:**

A lista provisional de alumnado admitido no **Fondo Solidario** de libros de texto, así como a entrega de **vales** para libros e material didáctico serán a partir do **11 de xullo**.